

¿QUE É O AUTISMO?



CARACTERÍSTICAS BÁSICAS:

- Existencia de grandes dificultades para establecer unha relación social axeitada coas persoas da mesma idade.
- Problemas de linguaxe, tanto na capacidade de comprensión coma de expresión
- Graves dificultades no uso social da linguaxe e a comunicación non verbal.
- Rixidez mental, con dificultades para o xogo imaxinativo
- Posibles patróns de interese restrinxidos.
- Resistencia aos cambios na súa rutina habitual.

Dentro do amplo espectro de síntomas que presentan, hai persoas con dificultades relativamente leves ata problemas moi severos que bloquean a interacción social, sobre todo se non hai unha **intervención axeitada e temperá.**

Estes trastornos representan un problema frecuente, que afecta a 1 de cada 150 nados. A partir dos 18-24 meses xa se poden detectar os primeiros sinais de alarma, sendo crucial unha intervención temperá, xa que diversos estudos avalan que unha intervención precoz e axeitada ás súas necesidades, é a base de bo prognóstico.



¿QUE É BATA?

BATA (Baión, Asociación Tratamento do Autismo), é unha organización sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, nacida en 1989 no municipio de Baión en Vilanova de Arousa; que actualmente presta apoio, a través de diferentes programas e servizos, a máis de 165 nenos e adultos con Trastorno do Espectro Autista da provincia de Pontevedra e sur da provincia de A Coruña.

MISIÓN:

- Ofrecer servizos e apoios para mellorar a calidade de vida das persoas con Autismo e as súas familias.
- Favorecer o exercicio dos dereitos das persoas con TEA.
- Velar pola igualdade de oportunidades a través de Plans Individuais.
- Promover a inclusión escolar, social e laboral destas persoas.

SERVIZOS E PROGRAMAS:

- **Unidade de avaliación, diagnóstico e orientación** (U.E.D.O.)
- **Unidade de Apoio Ambulatorio** (U.A.M.)
- **Centro de educación especial "Os Mecos"**
- **Servizo de día "O Montño"**. Taller de cerámica Bubela
- **Servizo de día "Abuela Esperanza"**
- **Vivendas Independentes** con Apoio para persoas adultas.
- **Emprego en ámbito ordinario: Unidade de Inserción Laboral e Servizo de orientación e Integración Laboral.**
- **Servizo de Apoio Familiar:** Respirio familiar e Campamento de verán.
- **Servizo de Apoio en Comunidade** para persoas adultas en diversas actividades de ocio e tempo libre. Programa de Ocio de sábados.

11 DE FEBREIRO DE 2012

SÁBADO SOLIDARIO CON B.A.T.A.

(Baión, Asociación Tratamento do Autismo)

**CON APOIO TODOS
PODEMOS**



SOLIDARÍZATE

¿QUE É POR DEREITO?



É unha Asociación de familias de nenos e nenas con Trastornos do espectro Autista ou Trastornos da Comunicación, situada na Bisbarra de Arousa.

MISIÓN:

- Consegui-la Inclusión temperá e xeneralizada, real e total, das persoas con TEA na sociedade.

PROGRAMAS:

- **Acollida de pais** e nais con fillos/ás recentemente diagnosticados.
- **Proxecto "Lecer para todos e todas no noso Concello"** co que se intenta facer máis accesible e inclusivo o ámbito comunitario, coa colaboración dos Concellos.
- **Talleres prácticos** para capacitar aos pais e nais no uso das novas tecnoloxías.
- **Actividades de concienciación e visibilidade** para que os cidadáns comprendan mellor o que é o Autismo.



¿EN QUE CONSISTE A “UNIDAD DE APOYO AMBULATORIO”?

Dentro dos servizos que ofrece BATA, e respondendo a un dos nosos **obxectivos principais** que é a **inclusión escolar e social**, no ano 2004 iniciouse un novo modelo de servizo. Este modelo está baseado en proporcionar un tratamento no contexto natural, para favorecer e potenciar a integración e/ou adaptación destas persoas no seu ámbito así como o desenvolvemento de todas as súas capacidades. Para poder dar resposta a este tipo de intervención creouse un equipo de profesionais itinerantes, xa que era necesario ampliar os recursos humanos cos que contaba o sistema educativo ordinario, asegurando o seu progreso educativo e social no seu ámbito natural, tanto familiar coma escolar.

Na actualidade, este servizo presta apoio a 85 familias e aos seus fillos e fillas (con idades comprendidas entre os 18 meses e 18 anos) conta con tres sedes (Vilagarcía, Tui e Santiago).

O **esfuerzo económico** que supón o mantemento da Unidade, en canto a organización, planificación, o número de profesionais destinados a este e desprazamentos, fai que se converta nunha carga excesiva para as familias e a organización, que non contan neste momento cun convenio ou vía de mantemento periódica que permita a sostibilidade do servizo.

¿POR QUE O DÍA DA SOLIDARIEDADE?



Esta iniciativa xorde da **implicación** e o **compromiso** do concello de Vilagarcía, a Asociación de hostaleiros de Vilagarcía, a Asociación de comerciantes Zona Aberta de Vilagarcía, e as asociacións Por Dereito e BATA, en pro da adquisición de recursos que permitan seguir prestando os apoios que precisan os nenos con TEA e as súas familias, a través da Unidade de Apoio Ambulatorio.

É unha evidencia clara que a situación económica actual afecta a moitas persoas e familias, polo cal as organizacións do sector social nos vemos afectadas de forma indirecta, e tamén directamente ao ser cada vez menos os recursos dispoñibles. É un feito recoñecer que as vías de acceso a recursos públicos e a entidades privadas que anteriormente axudaban a manter programas e servizos que prestaban as organizacións do sector social, cada vez son menos, o que pon en serio perigo a continuidade destes.

Ante esta conxuntura, o ofrecemento do Concello, dos hostaleiros e comerciantes da cidade de Vilagarcía, para celebrar un día dedicado aos Trastornos do Espectro Autista, á súa visibilidade e ao compromiso solidario, parécenos tanto ás familias coma aos profesionais de BATA unha iniciativa exemplar.

Os fondos recadados permitirán, non só que a Unidade de Apoio Ambulatorio siga mantendo os apoios actuais, se non que o esforzo de todos, familias, profesionais e asociacións implicadas, irán encamiñados a continuar prestando apoio a todos os nenos e nenas con TEA, no momento que o demanden as súas familias e alí onde o necesiten.